



nota de prensa

## Veciñanza lamenta que o Concello de Cuntis manteña no esquecemento o Consello Local de Igualdade

*Constituído en 2017, o Goberno Municipal nin tan sequera o convocou durante a presente lexislatura e mateno no abandono. Veciñanza esíxelle ao PSOE a reactivación dun órgano que ten que fomentar a participación e cumprir os obxectivos para os que foi creado..*

Cuntis. 6 de marzo de 2020

Cuntis creou o Consello Local de Igualdade no ano 2017, integrado por representantes de distintas asociacións do municipio, dos grupos da Corporación, traballadoras municipais e do colexio público, co obxectivo de abordar políticas públicas destinadas a promover a igualdade de oportunidades e facilitar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida pública. **Se ben o seu funcionamento nunca foi todo o efectivo que sería desexable**, a última convocatoria deste órgano data de finais do ano **2018**, o que indica unha **absoluta deixazón de funcións por parte da área de Igualdade do Goberno Municipal**. Tanto é así que transcorridos dez meses da presente lexislatura, **o Consello Local de Igualdade de Cuntis nin tan sequera procedeu á renovación pertinente que lle corresponde coa nova Corporación Municipal**.

Veciñanza lamenta que o PSOE tome un órgano constituído e cunha potencialidade tan importante **como un simple ritual, sen contido ningún e que unicamente figura como un complemento estético no seu discurso**. A implicación nesta materia non pode limitarse a acompañar ao movemento feminista na conmemoración das datas máis sinaladas do calendario, **senón que dende o Goberno Municipal debe existir iniciativa**. Ano e medio sen convocar nin renovar o Consello Local de Igualdade demostra que a acción do Goberno Municipal caracterízase pola máis absoluta indiferenza.

Veciñanza esíxelle ao Goberno Municipal que asuma con seriedade as funcións do Consello Local de Igualdade, proceda á súa convocatoria e comece a traballar no desenvolvemento de medidas reais e efectivas.